

# SAMUEL EIJÁN. VIDA, PENSAMENTO E CONTEXTO HISTÓRICO DUN EXPOÑENTE DA POESÍA RELIXIOSA GALEGA

SAMUEL EIJÁN. LIFE, THOUGHT AND HISTORICAL CONTEXT  
OF AN EXPONENT OF GALICIAN RELIGIOUS POETRY

Francisco J. Leira-Castiñeira  
Histagra-Universidade de Santiago de Compostela  
Biblioteca Franciscana da Provincia de Santiago

**Resumo:** Samuel Eiján foi un prolífico escritor que defendeu o galego e a súa terra en moitas das súas publicacións. Foi querido polos seus compañeiros de viaxe cultural tanto na Real Academia Galega, coma no Seminario de Estudos Galegos e pola crítica. A importancia desde persoeiro é que nos amosa un galeguismo cultural distinto, baseado na defensa do catolicismo, conservador nalgúns posicionamentos a pesares de que sempre quixo adaptarse aos novos folgos que procedían de Europa.

**Abstract:** Samuel Eiján was a prolific writer who defended Galician and his country in many of his publications. He was highly appreciated by his contemporaries in the Royal Galician Academy, the Seminary for Galician Studies and by criticism. However, the importance of this figure lies in his promotion of a distinctive form of cultural Galicianism, based on the defence of the Catholicism. He was a conservative in some aspects in spite of his ongoing efforts to adapt to new cultural patterns from Europe.

**Palabras chave:** Samuel Eiján, poesía, século XX, relixión, literatura.

**Key words:** Samuel Eiján, poetry, 20th century, religion, literature.

## INTRODUCCIÓN<sup>1</sup>

O contexto histórico no que vive unha persoa é fundamental para coñecer os avatares da súa vida, do seu pensamento e, no caso dos creadores de cultura, do seu estilo e contido. O período no que transcorre a experiencia vital determina que camiños poden escoller e cales lle serán máis complexos. Por este motivo, a historia na que se desenvolveu como escritor o frade franciscano Samuel Eiján resulta fundamental para comprender o porqué do contido da súa obra, do seu estilo, da súa temática, das súas metáforas. Do mesmo xeito ocorre coa súa clase social ou o colectivo ao que pertence, neste caso a unha comunidade relixiosa con moita presenza en Galicia, como é a franciscana.

Ao contextualizar a Samuel Eiján obsérvase que está inserto nun período de ampla discusión teórica e social entre o laicismo e o clericalismo, algo que está moi presente nos seus libros de prosa e ensaio. Defende o clericalismo flutuando entre o conservadorismo e a adaptación aos novos ventos que viñan desde Europa, cunha modernización da sociedade civil en todos os aspectos da vida. Non pode obviarse que é un momento, finais do século XIX e comezos do XX, de efervescencia social, política e cultural, tres aspectos que non deixou á marxe dos seus escritos para loitar polos seus ideais, e máis tendo en conta os importantes cargos que desempeñou na Orde Franciscana e en institucións culturais civís.

O presente artigo tratará de estudar a figura do académico frei Samuel Eiján Lorenzo ou *Fraysel*, principal pseudónimo co que asinou, cando o facía, Samuel Eiján, un xogo de palabras que procede de “fray” e das primeiras letras do seu nome completo. Eiján foi un prolífico escritor de comezos do século XX que cultivou a narrativa, o ensaio, o teatro e a poesía, chegando a ter no momento da súa morte máis de cen obras publicadas e unha abundante cantidade de artigos e poemas en diversos diarios e revistas, tanto relixiosas coma segrares. Foi tamén un importante intelectual do seu tempo que, por algún motivo, quedou esquecido para as seguintes xeracións, a pesares de ter sido moi ben aceptado e considerado.

O presente texto encadrase nunha xornada titulada *Lembrando a Samuel Eiján* e na publicación de *Poesía reunida*, onde se recompilan todos os libros de poesía escritos en galego por el. Unha poesía que se encadra nese momento de crecemento do galeguismo dentro do clero en Galicia, grazas aos impulsos das Irmandades da Fala ou de clérigos como Manuel Lago González, arcebispo de Santiago que formou parte da Asociación Regionalista Galega de Manuel Murguía, auxe

1 Unha versión estendida deste traballo pode consultarse no estudo introdutorio da recolección dos seus libros de poemas publicados, editados por Francisco Leira e Armando Requeixo co título de *Samuel Eiján. Poesía reunida* (2018), no que participaron a Provincia Franciscana de Santiago, a Xunta de Galicia e a Real Academia Galega.

que ten a súa crise na década dos vinte. Que esta homenaxe que lle fai a Real Academia Galega sirva para que non se esqueza a súa figura.

## VIDA

Naceu un 10 de maio de 1876 en San Clodio, no municipio de Leiro, na provincia de Ourense. Desde moi novo interesouse por realizar a carreira eclesiástica e entrar no seminario. Ingresou na “pasantía de Gomariz”, onde sentiu inquietudes vocacionais para o estudo. Xa desde mozo publicou os seus primeiros artigos en prensa, grazas á súa calidade narrativa. Na súa madurez recordaba este período da súa vida, a través de pequenas publicacións en *El Eco Franciscano* (Campelo 1945: 343; Soto 1963: 253). O 25 de abril de 1890 inaugurouse a Escola Seráfica de Louro e el foi un dos alumnos da primeira promoción. Eiján “tomou o hábito o 18 de outubro de 1890 a só tres días de facer os 15 anos, realizou a profesión solemne o 16 de agosto de 1895. Desde a súa ordenación sacerdotal, feita en 1899 en Lugo”, comezou a trasladarlles aos demais frades da provincia a súa preocupación humanística a causa de que xa “desde setembro de 1896 fora nomeado director da importante revista da Provincia Seráfica de Santiago *El Eco Franciscano*” (Campelo 1945: 343, Soto, 1963: 253). Destacou intelectualmente desde a súa mocidade e ademais do cargo de director da revista foi nomeado bibliotecario provincial en Santiago, posto relevante debido ao seu importante patrimonio bibliográfico, ademais de ser o lugar de estudo de irmáns da orde, así como dos leigos ou postulantes, ata que o destinaron a Terra Santa a realizar labores misioneiros en 1902 (Soto 1963: 253, Campelo, 1945: 343).

En 1903, coa idade de 27 anos, foi nomeado superior da Basílica do Santo Sepulcro de Xerusalén, un posto que ostentou ata 1906, sendo o primeiro superior que completou alí o trienio no cargo. Elixírono para ocupar a tarefa de discreto de Terra Santa. En 1908 acadou o cargo de secretario de Procura Xeral e actuou como guía de Peregrinacións (Soto 1963: 253). A súa estancia en Terra Santa ten reflexo nas súas obras ambientadas alí, como *La cuestión de los Santos Lugares. Escenas palestinas* (1905), *Memento Jerusalem! Manual de los devotos de los Santos Lugares* (1905), *Narraciones y leyendas de oriente* (1906) ou a tradución da *Nueva guía de Tierra Santa* (1908) de R. P. Bernabé Meistermann.

Ao seu regreso a Galicia en 1908 volvérono nomear director de *El Eco Franciscano*, cargo que desempeñou ata 1915 cando o nomearon superior de Ribadavia, lugar onde permaneceu ata 1920. Da súa estancia nesa vila nacen os libros *Historia de Ribadavia* (1920) e *Rumores del Avia. Versos ribereños* (1916). Durante este período foi director da Juventud Antoniana. Do mesmo xeito, foi comisario provincial da orde terceira, entre 1914 a 1917 e entre 1931 e 1933, procurando que se correspondese o seu labor co contexto histórico. No ano 1923 foi nomeado

ministro provincial da Provincia Franciscana Seráfica de Santiago. Durante o seu mandato como provincial, no plano cultural, axudou a impulsar a revista *Liceo Franciscano*, creada en 1930 polos estudantes de teologado do convento de San Francisco, revista que aínda se edita na actualidade. Foi o primeiro frade que desempeñou o posto dous trienios seguidos (Soto 1963: 254; Campelo 1945: 343-344). En 1929 foi nomeado custodio provincial e en 1933 comisario de Terra Santa ata a súa morte. Faleceu en Santiago o 14 de decembro de 1945 tras unha vida dedicada ás letras e ao apostolado franciscano, tanto en Galicia coma en Terra Santa.

O que se pretende destacar deste personaxe tan complexo é o seu papel como narrador, poeta e difusor da cultura. Deixou unha inmensa cantidade de escritos en periódicos e revistas, encargouse de dirixir outras como *El Eco Franciscano*, *San Antonio* ou *Revista Franciscana*. Foi novelista, escribiu relatos curtos, poeta, tradutor, profesor, historiador e ensaísta. Por estes méritos, en 1915 nomeárono membro correspondente da Real Academia Galega e en 1941 académico numerario. En 1925 ingresou na destacable institución do Instituto Histórico do Minho de Portugal. En 1928 entrou a formar parte do Seminario de Estudos Galegos. Incluso foi membro da Xunta de Turismo de Ourense en 1941. Estes postos gañounos grazas a un importante traballo como literato galego e en favor da súa lingua: *Mágoas*, *D'a-y-alma*, *Froliñas de San Francisco* e os numerosos poemas publicados en prensa e reivindicando a súa terra testemuñano. Así mesmo, outorgáronlle a placa da Orde de Isabel La Católica en 1940 e foi membro nato da Xunta Oficial da Obra Pía dos Santos Lugares o mesmo ano. Tamén participou como xurado en certames literarios na Xunta Editora da Biblioteca Franciscana de Madrid (Campelo 1945: 343-344; Gómez 1946: 121; Soto 1963: 254). Un home cunha facilidade para a escrita que se percibe en todo o que se acaba de nomear, pois foi un dos referentes intelectuais do franciscanismo e tamén do galeguismo relixioso.

## **PENSAMENTO E CONTEXTO HISTÓRICO. OS CAMBIOS ENTRE FINAIS DO SÉCULO XIX E COMEZOS DO XX**

O período que vai desde as décadas finais do século XIX ata o 1936 foi un dos máis convulsos da historia de España. Estivo caracterizado polos cambios que afectaron a toda a sociedade. Así mesmo, produciuse unha disputa entre os defensores dun sistema que defendía os dereitos da Igrexa e o laicismo procedente dos novos movementos sociais. Nesta franxa temporal, a Restauración e a ditadura de Primo de Rivera defenderon a Igrexa e unicamente durante a República se puxo en marcha un intento laicista de goberno que terminou en 1936 coa Guerra Civil. Neste contexto, Samuel Eiján escribiu a totalidade da súa obra e intentou adaptar as organizacións franciscanas ao novo contexto do cambio de século.

Fraysel seguiu a doutrina social da Igrexa malia tamén ter un concepto nacional que procedía do *menéndezpelayismo* no que a relixión estaba ligada ao Estado, con certos toques tradicionalistas procedentes das lecturas que puido facer de Juan Vázquez de Mella, intelectual con forte influxo nalgúns sectores católicos (Pellistrandi 2007). Unha certa mostra do pensamento dalgúns colectivos relixiosos da época e da educación que recibiron no teologado<sup>2</sup>, pero tamén foi un frade que apoiou medidas modernizadoras do franciscanismo, como as organizacións sociais da orde.

Antes de comezar a análise das obras e pensamento de Fraysel, é conveniente contextualizar este período de cambios sociais, políticos e culturais para entender a reacción dun sector do catolicismo, como se dixo, protagonizado por unha loita entre o clericalismo e o laicismo. Un enfrontamento que se foi retroalimentando a medida que cada unha das partes daba un paso adiante, pois considerábano un ataque, provocando que o contrario actuase con igual intensidade pero de modo inverso. Un fenómeno social que sorprendeu, como non podía ser doutro xeito, á comunidade cristiá, posto que desde o Concordato coa Santa Sé de 1855 se recoñecía a relixión católica como a única da nación española. Existiron sempre diversidade de opinións, porque moitos católicos se manifestaban como liberais –incluíndo algúns cregos e bispos– (Rodríguez 2012). O propio Vaticano foi consciente do anacronismo do Concordato de 1855 e quixo modificalo, pero atopouse coa resistencia da monarquía e do episcopado nomeado por esa monarquía, que eran os grandes beneficiarios do acordo (González Cuevas 2007: 39; Petschen 2002; Cerezo 2002). Por este motivo, desde distintos sectores intentouse revertir a situación, desde a cultura, a política e a educación, como a introdución do krausismo defendido por Julián Sanz del Río, valedor dunha nova forma de ensino e pensamento. Este último, o krausismo, comezou a vincularse co laicismo, o anticlericalismo, o republicanismo e o liberalismo radical a causa do rexeitamento que tivo dentro dos sectores católicos (González Cuevas 2007: 39 e ss.; Suárez 2007). Concepción diametralmente oposta ao catolicismo, que foi combatida desde o político polo tradicionalismo, o neocatolicismo e os moderados, con intelectuais que ían desde Menéndez Pelayo a Ramiro de Maeztu, mantendo unha constante na súa liña de pensamento. O propio Samuel Eiján criticou o krausismo, o sistema restauracionista e o movemento anticlerical nas súas obras.

Samuel Eiján empregou as súas propias e anovadoras técnicas, como o asociacionismo e a prensa. Non se pode perder de vista que en España ao longo do século XIX e comezos do XX se fraguou unha complexa e cada vez máis activa

---

2 Tratábase dunha persoa conservadora nos seus postulados políticos e sociais. Defendía o carlismo e os dereitos forais e foi un estandarte do ultranacionalismo de comezos de século.

sociedade civil. A finais do século XIX existiron organizacións cuxo obxectivo era mellorar a situación social, creáronse as primeiras asociacións agrarias, sumando un total de 954 sociedades e sindicatos agrícolas. En 1923 estas eran un 15% do total do Estado e cunha marcada heteroxeneidade ideolóxica, pois moitas delas eran de carácter católico (Cabo 1998: 144). O proceso descrito aplícase ao do mundo urbano, onde o movemento obreiro foi crescendo proporcionalmente a medida que avanzaba o século XX (Casanova 2017; Pereira 1994; Míguez 2008). Creou un sentimento de cidadanía que loitou para que o Estado protexese os seus dereitos sociais. O principal punto de desencanto residía en que querían unha educación á marxe da Igrexa (Míguez 2008). Debe recalcarse que este proceso de formación dunha sociedade civil non procede de forma exclusiva dos movementos de esquerda, senón que foi algo xeneralizado para todos os movementos sociais e colectivos. Á fin e ao cabo, os avances e reclamacións que facía un grupo eran contestados polas forzas opositoras, obrigando a dar unha resposta para aumentar e consolidar os seus apoios. Isto serviu para que tamén os sectores moderados, conservadores e, como se verá, relixiosos tivesen que adaptarse.

Samuel Eiján loitou polas mesmas causas. Intentouno inculcar a través dos seus sermóns, publicacións e accións, que en ocasións eran similares ás dos novos movementos sociais, pois doutra forma non lle daría ese impulso á Venerable Orde Terceira (VOT) e á Juventud Antoniana. Fraysel concibíao como unha contestación contra as inxustizas que procedían dun “liberalismo feroz que deixaba a xente honrada na rúa” e do perigo do socialismo, que a comezo da primeira década do século XX estaba cobrando un forte impulso. Estaba preocupado polo contexto nacional e internacional do momento, como aparece reflectido no seu libro *El socialista modelo* (1904)<sup>3</sup>.

O apostolado franciscano levouno a toda a súa narrativa, poesía e ensaio. Formou parte dese clero que entendeu que a modernización era un fenómeno negativo, pero que sabía que ese proceso non ía deterse, polo tanto terían que adaptarse aos novos tempos para poder transmitir a súa mensaxe de forma sinxela. Así, concibiu a Venerable Orde Terceira como o principal medio para que chegase a mensaxe franciscana ao pobo, como se observa no libro *La Tercera Orden Franciscana en la vida social* (1910). O mellor xeito era vigorizando a parroquia como territorio onde debían os seus membros desenvolver o seu labor, como deixou constancia nunha das asembleas da VOT que se organizaron na primeira década do XX. A idea nuclear era enganchar “a católicos prácticos de cada pobo

3 A obra tivo relativa influencia, por iso non chama a atención que tras a proclamación da Segunda República se reimprimise en Barcelona no 1931.

e cooperadores da igrexa” para defender a fe e a doutrina católica. Seguir os pasos de san Francisco:

cun chamamento á vida evanxélica, a unha idea de vigor moral, de traballo e de caridade, coa gran novidade da Orde Terceira que foi a concordia [...] cumprir con alegría as obrigacións do seu estado; a dar as máis insignificantes accións unha inspiración santa [...] a abrir os corazóns de par en par aos pobres, aos enfermos e a todos os desgraciados (Eiján 1912: 23-24).

Sinalaba quen eran os inimigos contra os que tiñan que loitar os terciarios e referíase ao “mal dos tempos modernos para o cristianismo [que] é a masonería que forma parte do anticristianismo”.

Ao que lle dedicou máis atención foi ás Juventudes Antonianas, ás que ata dotou duns estatutos, dun regulamento e dunha Biblioteca. Foi un dos grandes logros, pois convertéronse en pouco tempo nunha organización relevante. A elas dedicoulles un libro, *La Juventud Antoniana* (1914), no que quedan marcadas as liñas de actuación que tiñan que desenvolver e que se poden resumir en dous aspectos fundamentais: a atracción dos máis novos para que aprendesen as ensinanzas do catolicismo e, como a VOT, servir de ponte entre o clero e a sociedade civil, de feito estaba concibida como unha organización previa a ingresar na Terceira Orde. En palabras do propio Fraysel: “nada mellor que a creación de institucións xuvenís que sirvan como galerías de comunicación entre o templo e o fogar, con puntos de vista ao escenario social contemporáneo”.

Como se presentou anteriormente, era un momento de efervescencia da sociedade civil, onde se crearon numerosas asociacións e organizacións de todo tipo, especialmente xuvenís. Por iso, recollendo literalmente o que di o libro “para contraponer a crecente creación de organizacións xuvenís o propoñer a creación dunha católica que se adecúe aos novos tempos na forma” (Eiján 1914: 7-19). Entendía a Juventud Antoniana como unha organización relixioso-social para *loitar* coas de carácter laico. É paradoxal que para aderezar o seu pensamento e o obxectivo da organización empregue tanto fragmentos de poesías de Rosalía de Castro como de Vázquez de Mella. Neste caso obsérvase a súa vertente galeguista, defensor do folclore e da súa cultura, e por outro un certo tradicionalismo, anti-liberal e antisocialista. O seu obxectivo era ter fieis que difundisen o catolicismo, axudasen os demais e defendesen o ideal de pobreza de san Francisco, porque as súas ensinanzas están en contra do novo tipo de sociedade que estaba xurdindo das dúas principais revolucións, unha sociedade consumista e politizada (Eiján 1914: 20-21, 38).

Así mesmo, estaba concibida como unha asociación para o reforzo da nación. Neste punto si que bebe dos postulados de Vázquez de Mella, especialmente pola obsesión que tiña o de Cangas de Onís por loitar contra a masonería, aspecto que compartía co que foi ministro provincial da Orde Franciscana. En palabras de Samuel Eiján, a Juventud Antoniana “ten que defender os intereses da Igrexa sen que isto non implique igualmente a necesidade de atender aos da patria, xa que nos brazos daquela naceu esta e os seus intereses non veñen ser, senón os da igrexa mesma”. Compróbase que ía en sintonía coa encíclica de Pío X *Acerbo Nimis* de 15 de outubro de 1905. Pío X e o seu Secretario de Estado Merry del Val recuperan os principios do tradicionalismo e perseguen o modernismo teolóxico e a democracia-cristiá. As súas teses son abandonadas polo seu fracaso tras a Primeira Guerra Mundial (Pollard 2007: 93-121; Rodríguez 2012). Para o autor, a ignorancia das cousas divinas era o principal motivo da crise social que se estaba vivindo a comezos de século.

A Juventud Antoniana estaba concibida como unha organización na que aceptaban tanto a homes como a mulleres, realizando diferentes tarefas lúdicas e de traballo diario. En ocasións, as mulleres realizaban outras actividades, algo normal dentro dunha sociedade patriarcal. A Juventud Antoniana adaptouse aos novos tempos. Non só se trataba de ir á misa, senón que entre as súas misións se atopaba “gañar aos inimigos” coas súas mesmas actividades “porque [normalmente] os católicos non as utilizan”. En conclusión, tratábase dun apostolado que non renunciaba a adaptarse a ningún medio moderno. Recollendo as súas palabras do libro *La Juventud Antoniana en la vida social*:

se aceptamos que iso de gozar, de divertirse só é un pracer moi triste para a mocidade, non podemos limitar o noso celo a combater e anatemizarse esas diversións públicas, senón que hai que buscar a maior eficacia na creación de diversións agradables e deleitosas que vaian en boa harmonía co deber e non lle estorben, senón que os estimulen e distraian, ofrecéndolles uns compases de descanso no arduo camiño da súa empresa.

É dicir, servirse da súa propia forma de entender a modernidade para difundir a palabra e obra de san Antonio de Padua e san Francisco. Os elementos recreativos que realizaban eran propios do tempo no que vivían.

A finais do século XIX, pero especialmente a comezos do XX, xorde unha nova forma de vida, de relacionarse, outra forma de lecer que nalgún caso procedía de Inglaterra, denominada *Sport*, que Samuel Eiján quixo trasladar á Juventud Antoniana. Con todo, hai que subliñar que o *Sport* significaba moito máis que a súa tradución do inglés, pois englobaba todas as facetas sociais dos



individuos. Nun principio era un modo de vida burgués, onde se practicaba algún deporte ou se ía a casinos, pero co tempo foi crescendo este fenómeno e adoptándoo gran parte da sociedade ata que, case coa proclamación da República, se estendeu entre a clase obreira grazas á popularización do fútbol, o piragüismo e o ciclismo (Domínguez 2009: 131-315). A proposta do frade de San Clodio era que debería existir un *Sport antoniano* para que, con diversións, un lecer distinto, puidesen afianzar a organización entre a mocidade e ata atraer novos afiliados.

Unha das actividades que máis desenvolveron foron os coros. O máis coñecido era *Cantigas e Aturuxos*, nacido o 12 de outubro de 1915 en Lugo. Posiblemente foi dos máis importantes que existiu. Formaba parte do orfeón antoniano de Lugo que tiña nos seus estatutos que eran unha sección artística de carácter rexional, polo que tiña un marcado carácter de promoción da cultura galega (González González 2015: 13-15). Outro dos medios que propoñía Fraysel era un *sport* literario, cinematográfico, fonográfico musical, ximnástico e excursionista. A medida que avanzaban os anos, o deporte ou *sport ximnástico* converteuse nunha actividade máis para as Juventudes Antonianas, incluso participando en competicións de fútbol, deporte estendido dentro do mundo obreiro. O seu obxectivo era modificar a concepción das “diversións nocivas” por unhas sas e honradas: “atraelas a lícitos pasatempos e *sports*, que na debida forma e bo espírito regulamentados, non soamente non destrúan o seu temperamento cristián, senón que, ao revés, o conserven e vigoricen”. Estes eran os obxectivos do deporte antoniano. Outro dos *sports recreativos* era o excursionista que tivo moito éxito entre os membros da mocidade e, en xeral, da sociedade civil.

O gran *sport* franciscano foi a literatura. Eiján foi un escritor que cultivou todo tipo de xéneros. Pero non se contentou só con escribir, senón que formou un grupo de aprendizaxe de escritura, concretamente en galego, que tivo como consecuencias que moitos terciarios e antonianos publicasen as súas poesías, moitas en galego, na revista *El Eco Franciscano*. Así mesmo, *El Eco Franciscano* non podería entenderse sen o labor de dirección que desenvolveu de 1908 a 1915 e de 1938 ata 1945, ano do seu falecemento. Un traballo que conseguiu que fose unha das primeiras revistas ilustradas e que tivese unha forte repercusión.

Samuel Eiján viviu un dos momentos máis convulsos no social, político e cultural para o mundo católico. Combateuno coa palabra, pero defendendo un sistema de valores clericais, preto do maniqueísmo máis activo e antiliberal. Defendeu o catolicismo sen perder de vista a súa educación conservadora e tradicionalista, pero cun ollo posto nos novos momentos. Foi un frade que soubo ver máis aló do presente.

## UN FRANCISCANO REFERENTE DENTRO DA ESCRITURA GALEGA

Samuel Eiján foi un prolífico escritor que cultivou o relato curto, a prosa, a investigación lingüística, a historia, o ensaio e a poesía. Así, pódense citar *Gotas de rocío*, *Narraciones desde Oriente*, *Franciscanismo en Galicia*, *La poesía franciscana*, *Pensamiento de San Francisco de Asís*, *Con flores a María* ou *Mágoas*. Tiña unha gran capacidade para que a súa produción intelectual tivese éxito tanto entre o público como entre os intelectuais do momento, grazas á súa calidade narrativa e á súa sinxeleza expositiva, recoñecida por medios de comunicación e polos seus contemporáneos tanto de Madrid, como en Barcelona ou Galicia.

A nivel galego, a súa obra, aínda que non moi extensa, converteuse enseguida nun referente para a intelectualidade contemporánea, posto que aos libros editados en *Poesía reunida* (2018) habería que sumar os escritos na prensa e os escritos en castelán, onde defende un rexionalismo galego moi arraigado nese momento e patente en publicacións como: *Cuadros de mi tierra* e *Aleteos. Versos rexionais*. Así mesmo, a súa presenza en medios laicos foi unha constante.

Un dos libros editados en *Poesía reunida* recibiu este eloxio en *Galicia histórica*: “Con el título de *Mágoas* acaba de publicar bajo el pseudónimo de Fraysel una hermosa colección de poesías gallegas, Fr. Samuel Eiján [...] uno de los más fáciles y fecundos del Parnaso Gallego” (J.G.M. 1902: 95). En *El Eco de Galicia* destacaban o papel social de *El Eco Franciscano* e do seu director “inspirado poeta y notable escritor” (S. s. 1909: 2). Cando en 1914 foi proposto para que fose académico correspondente da Real Academia Galega, levouno en primeira páxina e con grande alegría do editor do *Diario de Galicia*: “era muy lógico que este gallego forme parte de los miembros que la componen. Sus méritos lo exigen, pues en Galicia poquísimos se cuentan al presente que se glorien de ceñir a sus sienes los lauros que con justicia la Fama engarza su corona”. Afirmaba que na prensa nacional e galega, católica e segrar “es conocidísima su calidad de gran escritor”. “La Historia abriole sus arcanos, la Literatura ha encontrado en su pluma delicado pincel que a lo vivo trazará sus bellezas, en la prosa un estilo dulce, bello, que seduce, cautiva y encanta; y en la poesía dotóle de poderosas alas para elevarse a la cumbre de la inspiración” (Junqueras 1914). Non podería escribirse mellor definición do que representou a súa obra para unha parte moi importante dos seus contemporáneos, sendo ademais unha persoa que gañou as simpatías da intelectualidade galega, pois en 1915 entrou como membro correspondente na Real Academia Galega e en 1928 no Seminario de Estudos Galegos.

Nun artigo de 1917 escrito por Víctor Junqueras enxalzando a cultura, paisaxe e vida en Galicia di sobre Samuel Eiján o seguinte:

Nada diremos de nuestros poetas. En sus creaciones obsérvase que la sola contemplación de los paisajes de esta tierra produce en la mente incendios de inspiración, arrancando al plectro notas sublimes, frescas como el agua y flébil como el blanco murmullo de sus pinares. Es que dicha contemplación se deduce, fascina, encanta y arroba: causa nostalgia, nostalgias ultraterrenas. Alguien ya llamó á las Rías Bajas trasunto del cielo; y el gran orfebre literario Fr. Samuel Eiján cantó de Galicia con elevados acentos:

Muy brillante es a esta alfombra de su suelo,  
que festivo y deleitoso  
se sublima con sus bosques centenarios hacia el cielo, se dilata  
rico siempre, siempre hermoso  
y en las ondas de sus rías y el redor de sus pinares  
y en los campos y viñedos y hondos valles y anchos huertos  
tiene brisas y rumores,  
tiene pájaros cantores,  
que adormecen sus pesares,  
y la arrullen con cadencia y suavísimos conciertos.

He aquí retratada Galicia con suavísimas pinceladas (1917: 1).

Á morte de Samuel Eiján, a Real Academia Galega pediulle á comunidade franciscana que o cuarto onde residiu en vida fose convertido nun museo onde estivesen todas as súas obras publicadas (Rey 1945). Foi unha persoa que conviviu con distintas xeracións de escritores, desde os que o propuxeron membro correspondente en 1915 aos que o fixeron numerario da RAG no 1941. Tamén a de todos os membros que pasaron polo Seminario de Estudos Galegos, desde que entrou no 1928, facilitando que alternase coas principais figuras intelectuais do momento. Toda a prensa, católica e segrar, encomiou o seu papel como escritor de Galicia, para Galicia e fomentando o uso da súa lingua materna.



Finalmente, en 1947, o concello de Leiro decidiu construír unha biblioteca na súa memoria onde se atoparían todas as obras que “han salido de la enjundiosa pluma del llorado y brillante escritor” (Larraya 1947). Ao ano seguinte, na súa

localidade natal realizouse unha homenaxe á que asistiron numerosas personalidades da vida galega, que estivo organizada polo concello de Leiro. Dedicáronlle o seu nome a unha rúa e “unha lápida artística na súa casa natal de San Clodio”. Despois destes actos, a homenaxe rematou cunha sesión literaria” (Soto 1963: 255), que era a mellor forma de recordar o seu veciño.

## O GALEGUISMO “FOLCLÓRICO” DE SAMUEL EIJÁN

Tras o comentado anteriormente pódese inferir que defende un galeguismo cultural, tinguido dun uso da tradición galega e tamén baseado nas ensinanzas franciscanas. Isto último compróbase no uso excesivo da flor como recurso, relacionado coas *Floriñas de San Francisco* escritas na segunda metade do XIV. Emprega algo moi rosaliano que é recoller do “folclore” ou da cultura tradicional aspectos para aplicar aos seus versos. Pódese observar nos numerosos relatos escritos en *El Eco Franciscano*, onde mestura o castelán co galego en función de cal dos personaxes tome a palabra no diálogo narrado. Entronca co carlismo galego que abandeiraba Alfredo Brañas. É conveniente sinalar que foi un período proclive ao galeguismo dentro do clero, debido ao ascenso de relixiosos galegos a postos de influencia e o crecente rexionalismo na sociedade (Rodríguez 2012: 85). É nesta época onde se observa o amor á patria nai nas obras de Samuel Eiján, iso si, tendo sempre como pano de fondo a defensa da catolicidade.

*Cuadros de mi tierra* ten a particularidade de que, malia estar escrito en castelán, certos personaxes se expresan en galego. É unha fotografía fiel da Galicia do primeiro terzo de século XX, na que existía unha pluralidade lingüística. Analizar obras deste carácter, aínda que en ocasións se centren na vida relixiosa, son fundamentais para distinguir que clase social ou en que lugares o galego penetrara con máis forza e se falaba máis habitualmente. A clase alta, especialmente aristócrata, parte da burguesía e a xerarquía eclesiástica adoitaba empregar o castelán como lingua vehicular, mentres que algúns seminaristas, obreiros e labradores seguían usando o seu idioma materno, o galego. Así mesmo, mestura prosa con poesía, na súa maior parte en galego, que parece sacada do pobo. Un exemplo podería ser o seguinte, tirado do relato “Vida patriarcal”:

Claro que hago referencia al trabajo que se toma como debe de tomarse y no como insoportable carga, como un yugo que a regañadientes se soporta [...] Su yugo, sin dejar de ser yugo, es sueva y aligera la resignación [...] ¿Quién camina por la tierra sin llevar uno? [...]

O nacer escoitei unha fala  
“Haiche cruz, e teras que levala”  
Fun andando mainiño:  
Vin a todos coa cruz no camiño  
¡Ay! Dexama levar anq’eu chore,  
Esa cruz que do ceo me ven  
Levarei miña cruz ond’eu fore  
Com’a levan os outros tamén.  
(Eiján 1913: 129-130).

O libro divídese en tres partes: recordos, impresións e versos. O contido total versa sobre a vida de Samuel Eiján en Galicia, desde os recordos de nenez, do seu estudo no seminario a anécdotas de coñecidos seus. As impresións son historias da súa recentemente chegada maioría de idade, nas que describe todas as viaxes por Galicia e as localidades que visitou como: Santiago, Cangas, A Pobra, Carracedo, Noia, Muros ou a ría de Arousa. A terceira parte son versos escritos en castelán, pero en case a súa totalidade dedicados a Galicia, como “Mis primeros recuerdos”, “La Patrona de Lugo”, “Mi Aldea” o “Galicia”, da que se recolle este extracto:

Galicia, mi edén de venturas, cual otro no se halla  
de prados que ríen,  
de fuentes que cantan,  
donde de niño gocé de inefables delicias  
que del cielo los bienes excelsos delatan.  
(Eiján 1913: 269).

Unha mostra inequívoca do seu rexionalismo ou galeguismo cultural son os seus poemas en galego. Non obstante, mantén ese tradicionalismo ao estilo do defendido por Juan Vázquez de Mella, no que a nación española era a única e indivisible pero permitía o uso e promoción de culturas subordinadas. Entrando en contexto, foi un momento de ascenso e caída rápida do galeguismo dentro do clero (Rodríguez 2012: 85-112). Esta crise provocou que deixase de publicar libros sobre Galicia e especialmente en lingua galega. De feito, os seus últimos libros sobre Galicia foron o estudo histórico sobre Ribadavia de 1920, *Frolñas de San Francisco* de 1926 ou os *Franciscanos en Rivadavia. Apuntes históricos*, de 1926. Tan só quedaría o seu famoso e imprescindible libro *Franciscanismo en Galicia. Estudio histórico, seguido del drama compostelano “La primera piedra”* de 1930, onde a segunda parte deixa entrever a prosa e ese ambiente galego.



Coa crise do rexionalismo clerical moitos decidiron introducirse nas iniciativas civís a favor da cultura galega. A primeira delas era o Seminario de Estudos Galegos creado en 1925, do que formaban parte algúns personaxes como Armando Cotarelo Valledor, Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, Vicente Risco, Florentino López Cuevillas, Ramón Otero Pedrayo, Xesús Carro, Xosé Filgueira Valverde, Manuel Díaz Rozas, Manuel Gómez Román, Luís Iglesias ou Lois Tobío. A presenza católica era destacable, como o demostra o papel activo de Ramón María Aller ou do franciscano e amigo, Atanasio López.

## CONCLUSIÓN

Samuel Eiján foi un prolífico escritor que defendeu o galego e a súa terra en moitas das súas publicacións. Que foi querido polos seu compañeiros de viaxe cultural tanto no seo da Real Academia Galega como no Seminario de Estudos Galegos, así como pola crítica do momento. A importancia deste persoeiro é que nos mostra un galeguismo cultural, baseado na defensa do catolicismo, conservador a pesar de que quixo, nalgúns ocasións, adaptarse aos novos folgos que procedían de Europa. Un tradicionalismo baseado nos escritos de Juan Vázquez de Mella e que o vincula ideoloxicamente ao carlismo de Alfredo Brañas.

O seu nivel literario era recoñecido polos seus contemporáneos. Descoñécese o silencio deste importante persoeiro, xa que logo esperamos que homenaxes como as que se recollen no *Boletín* da RAG e a edición de *Poesía reunida* (2018), onde se encontra a súa obra publicada en galego, sirvan para que sexa colocado no lugar que lle corresponde dentro da historia da literatura galega. Que non volvan pasar outros cen anos de esquecemento.

## REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Beramendi, Justo G. (2007): *De Provincia a Nación: historia do galeguismo político*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- Cabo Villaverde, Miguel (1998): *O agrarismo*. Vigo: A Nosa Terra.
- Calvelo, Hermenegildo (1898): “Guerrillas. Bibliografía”, *El Áncora* 296, 2.
- Campelo, José (1945): “Letras de duelo. El P. Samuel Eiján Lorenzo”, *Boletín da Real Academia Galega* 285-288, 343-350.
- Casanova, Julián (2011): *Europa contra Europa (1914-1945)*. Barcelona: Crítica.
- (2017): *La venganza de los siervos: Rusia, 1917*. Barcelona: Crítica.
- Cerezo Galán, Pedro (2002): “Religión y laicismo en la España contemporánea. Un análisis ideológico”, en Paul Aubert (ed.), *Religión y sociedad en España (siglos XIX y XX)*. Madrid: Casa de Velázquez, 121-153.
- Cobo Romero, Francisco (2003): *De campesinos a electores: modernización agraria en Andalucía, politización campesina y derechización de los pequeños propietarios y arrendatarios. El caso de la provincia de Jaén, 1931-1936*. Madrid: Biblioteca Nueva.
- Cueva Merino, Julio de la (2007): “Anticlericalismo e identidade anticlerical en España: del movimiento a la política (1910-1931)”, en Calorn P. Boyd (ed.), *Religión y política en España contemporánea*. Madrid: Centro de Estudios Políticos y Constitucionales, 165-186.
- Cueva Merino, Julio de la e Feliciano Montero García (2007): “Clericalismo y anticlericalismo entre dos siglos: percepciones recíprocas”, en Julio de la Cueva e Feliciano Montero (eds.), *La secularización conflictiva. España (1898-1931)*. Madrid: Biblioteca Nueva, 101-120.
- Domínguez Almansa, Andrés (2009): *Historia social do deporte en Galicia (1850-1920)*. Vigo: Galaxia.
- Eiján, Samuel (1904): *El Socialista modelo*. Santiago: Tip. de “El Eco Franciscano”.
- (1912): *La Tercera Orden Franciscana en la vida social*. Barcelona: Herederos de Juan Gili.
- (1913): *Cuadros de mi tierra*. Santiago: Tip. de “El Eco Franciscano”.
- (1914): *La Juventud Antoniana en la vida social*. Santiago: Tip. de “El Eco Franciscano”.
- (2018): *Poesía reunida*. Santiago de Compostela: Provincia Franciscana de Santiago / Xunta de Galicia / Real Academia Galega. Edición de Francisco Leira e Armando Requeixo.
- Gómez Canedo, Lino (1946): “El P. Samuel Eiján Lorenzo, O. F. M.”, *Archivo Ibero-Americano* VI, 119-131.

- González Cuevas, Pedro Carlos (2007): “La guerra civil de la espiritualidad: el catolicismo español y sus enemigos (1898-1936)”, en Julio de la Cueva e Feliciano Montero (eds.), *La secularización conflictiva. España (1898-1931)*. Madrid: Biblioteca Nueva, 39-72.
- González González, Ramón (2015): *Coro Cantigas e Aturuxos. Repertorio lucense. 1918*. Ourense: Ouvirmos.
- J. G. M. (1902): “Crónica”, *Galicia Histórica* 6, 94-96.
- Junqueras, Víctor de (1914): “Un gallego ilustre. Fray Samuel Eiján”, *Diario de Galicia* 17/III/1914, 1.
- (1917): “Samuel Eiján académico”, *El Correo de Galicia* 18/I/1917, 1.
- Larraya (1947): “Homenaje a un escritor franciscano”, *El Pueblo Gallego* 16/XII/1947, 2.
- Marshall, Thomas E. (1998): *Ciudadanía y clase social*. Madrid: Alianza Editorial.
- McAdam, Doug [et al.] (2007): *Dinámica de la contienda política*. Barcelona: Hacer.
- Míguez Macho, Antonio (2008): *La construcción de la ciudadanía a través de los movimientos sociales. El movimiento obrero en Galicia (1890-1936)*. Santiago de Compostela: Fundación 10 de marzo.
- Pellistrandi, Benôit (2007): “Catolicismo e identidad nacional en España en el siglo XIX. Un discurso histórico de Donoso Cortés a Menéndez Pelayo”, en Paul Aubert (ed.), *Religión y sociedad en España (siglos XIX y XX)*. Madrid: Casa de Velázquez, 91-120.
- Pereira, Dionisio (1994): *A CNT na Galicia (1922-1936)*. Santiago de Compostela: Laiovento.
- Petschen Verdaguer, Santiago (2002): “España y el Vaticano del Concordato de 1851 al de 1953”, en Paul Aubert (ed.), *Religión y sociedad en España (siglos XIX y XX)*. Madrid: Casa de Velázquez, 21-32.
- Pollard, John F. (2007): *El Vaticano y sus banqueros*. Barcelona: Melusina.
- Rey Feás-Alvite, Jesús (1945): “Nuestros reportajes. Una entrevista con el Presidente de la Real Academia Gallega”, *El Pueblo Gallego* 23/XII/1945, 3.
- Richard, A. Fr. (1991): “Los artífices de la paz”, en *Franciscanos por la justicia, la paz, la ecología*. Oñate: Editorial Franciscana Arantzazu.
- Rodríguez Lago, José Ramón (2012): *La Iglesia católica (1910-1936). Entre la revolución de Portugal y la Cruzada de España*. Santiago de Compostela: Andavira.
- Salomón Chéliz, Pilar (2007): “Ante la cuestión religiosa: laicismo y cultura política republicana”, en Manuel Ballarín Aured e José Luis Ledesma Vera (coords.), *Avenida de la República. Actas del II encuentro Historia y compromiso. Sueños y realidades para una República*. Zaragoza: Cortes de Aragón, 123-140.
- Sen sinatura (1909): “El Eco Franciscano”, *El Eco de Galicia* 810 (28/IV/1909), 2.



- (1935): “Letras gallegas. La nueva obra de un maestro. *Solaces del hogar*. Por el R. P. Samuel Eiján”, *Vida Gallega* 619, 1-2.
- (1938): “Primeras comuniones”, *El Compostelano* 5566 (9/XII/1938), 2.
- Soto Pérez, José Luis (1963): “Eiján Lorenzo, M. R. P. Samuel (1876-1945)”, en *Un siglo de Historia Literaria (1862-1962). Noticia bio-bibliográfica sobre los religiosos hijos del Colegio de Misioneros Franciscanos para Tierra Santa y Marruecos establecido en Santiago de Compostela*. Santiago: Tip. de “El Eco Franciscano”, 253-280.
- Suárez Cortina, Manuel (2007): “Intelectuales, religión y política en el krausoinstitucionismo español”, en Caloryn P. Boyd (ed.), *Religión y política en España contemporánea*. Madrid: Centro de Estudios Políticos y Constitucionales, 107-138.
- Tilly, Charles (1992): *Coerción, capital y estados europeos*. Madrid: Alianza Editorial.
- Visitador, El (1931): “En S. Francisco”, *El Compostelano* 3437 (18/IX/1931), 1.